

**SERVIZOS ESPECIAIS DE TRANSPORTE PARA O FESTIVAL “BRINCADEIRA”.**  
**MONTE DO GOZO (xoves 7, venres 8 e sábado 9 de agosto de 2014).**

Servizos de transporte urbano para achegarse ao Monte do Gozo con motivo do festival “Brincadeira”. Os horarios e paradas seguintes serán válidos para todos os días do festival (xoves 7, venres 8 e sábado 9):

- **SERVIZO LANZADEIRA** de xeito continuado, **a partir das 15:30 e ata as 6:00 da madrugada,** hora de desaloxo do recinto. Punto de saída: rúa de Ramón Piñeiro (lateral do Parlamento de Galicia), directo ata a rotonda de confluencia entre rúa das Estrelas e Agra dos Campos. Os usuarios poden acceder ás lanzadeiras tanto para subida ao Monte do Gozo como para a baixada en todo momento.

**Localización da parada para acceder ás lanzadeiras:**


- Coordenadas 42.873532, -8.5431691
- <http://goo.gl/maps/CGN3S>

Outras liñas de transporte urbano para acceder ao Monte do Gozo:

- **LIÑA 6 (Os Tilos – San Marcos):**  
Con paradas nas inmediacións do complexo Monte do Gozo. Frecuencia de 20 minutos tanto o xoves como o venres, e de 30’ o sábado pola tarde.  
Paradas máis céntricas para acceso á liña 6: rúa do Hórreo (estación de ferrocarril), rúa do Hórreo (Parlamento), rúa do Hórreo nº 23, rúa da Ensinanza e rúa Virxe da Cerca nº 10.
- **LIÑA 7 (rúa de Valle Inclán - Aríns):**  
Con paradas nas inmediacións do complexo Monte do Gozo (rotonda de Agra dos Campos). Frecuencia de 60 minutos todos os días do festival.  
Paradas máis céntricas para acceso á liña 7: rúa de Valle Inclán (lateral con rúa de San Roque), rúa Virxe da Cerca (praza de abastos), rúa Fonte de Santo Antonio nº 3 e Praza de Galicia nº 3 (Banco de Santander).

Para todos os servizos, aplicaranse as tarifas vixentes:

Tipo de billete / bono	Prezo
Billete ordinario	1 € / viaxe
Billete escolar (menores de 18 anos)	0,55 € / viaxe
Bono ordinario	0,60 € / viaxe
Bono escolar (menores de 18 anos)	0,40 € / viaxe
Bono mensual	26 €
Bono pensionista	0 €

Para calquera consulta, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901 12 00 54**; a páxina web [www.tussa.org](http://www.tussa.org); así como os perfíles “maisbus” en Facebook  e Twitter .